

UNHA CASA ABERTA

DARÍO XOHÁN CABANA

Manuel María encheu a segunda metade do século XX coa súa poesía. Unha obra inmensa, multiforme, imprescindible, unha pedra esencial desta gran muralla da literatura galega que construímos desde Rosalía para defendernos contra a negra marea do esquecemento que ameaza o noso pobo, ás raíces de nós. Despois de non poucas incompreensións, despois de non poucos sectarismos de parte a parte, as dúas últimas décadas foron deixando claro o que Manuel María foi, e será cada vez máis, segundo o tempo vaia poñendo as cousas no seu sitio: un dos grandes vultos do noso sistema literario, unha figura de dimensións semellantes á dun Cabanillas, dun Otero Pedrayo, dun Celso Emilio Ferreiro ou dun Cunqueiro.

Pero eso pra min non é o que importa. Manuel María foi pra min unha das persoas máis importantes da miña vida. Fóra da miña chousa familiar, eu tiven tres amigos grandes, tres amigos máis vellos ca min, tres amigos que me fixeron como son. Un deles, o máis vello, é terra desde hai moitos anos; outro, o seguinte en idade pero o primeiro que coñecín, vouno enterrar agora. Xa só me queda un.

Tiña eu dezaseis anos cando coñecín a Manuel María; el tiña trinta e nove, a mesma idade da miña nai. Abriume a súa casa e o seu corazón, reñeume por chamarlle mestre, e foi verdadeiramente un gran mestre, o que me encarreirou nos camiños da literatura e nos camiños da vida. Foi xeneroso, e non o era só comigo; érao con todos os que se achegaban a el. Estaba na súa natureza. Eu non direi que foi coma un pai, porque cada un ten o seu; pero foi coma un irmán maior, un irmán bon e agarimoso, paciente, protector. A súa casa de Monforte era unha casa sempre aberta. O seu corazón era unha casa aberta. E Saleta sorría...

Agora váiseme o Manuel, el con setenta e cinco anos pra este outono, eu cos cincuenta e dous xa feitos. Trinta e seis pasaron desde aquel día que votei por el, que o escollín como mestre e nos escollemos como amigos, camaradas, irmáns. A vida vai xa de vencida, e o mundo faise cada vez máis pequeno, e Saleta chora.

Que a terra amada de Outeiro de Rei acolla a un gran poeta. No meu corazón, no corazón de tantos outros, permanecerá sempre, mentres non chegue a hora de pagarmos tamén o noso tributo, o home bon e xeneroso que foi o noso amigo.